

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE MAIO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de maio do ano dous mil vinte e tres, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN. SE PROCEDE. DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de abril de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de abril de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto das candidaturas presentadas. Eleccións municipais 2023. BOP núm. 79, do 26-04-2023.

- Instrución 4/4023, da Xunta Electoral Central, de 26 de abril, sobre distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública e delegación de competencias nas

Xuntas Electorais de Comunidade Autónoma e Provinciais en relación coas eleccións de 28 de maio de 2023. BOE núm. 100, do 27-04-2023.

- Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, de 14 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento IN201G). DOG núm 82, do 28-04-2023.

- Resolución da Presidencia da Xunta Electoral Central, do día 28 de abril de 2023, de designación da Comisión de Radio e Televisión en relación coas eleccións locais a celebrar o 28 de maio de 2023. BOE núm. 102, do 29-04-2023.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 1.624,00 EUROS, CONSTITUÍDA POR DON JOSÉ LUIS TORRADO RODRÍGUEZ, EN METÁLICO, NO EXPEDIENTE NÚMERO 2023/C004/00001, PARA A “PRODUCCIÓN DO EVENTO ENTROIDO PEQUENO CAMBRE 2023”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: rsg/fSF5WTmMI9NbqHxg), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato de servizo de “Producción do Evento Entroido Pequeno Cambre 2023” foi adjudicado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 23.02.2023, a don José Luis Torrado Rodríguez, no prezo ofertado de 39.300,80 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 24.02.2023. (Expediente 2023/C004/000001).

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída en metálico, depositada na Tesourería municipal con data 22.02.2023 por importe de 1.624,00 euros con núm. de rexistro 1113.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, José Luis Martínez Názara, con data do 24 de abril de 2023, (CVD: GWA8P64XI0f9adPhmSqj) no que sinala que:

“(…)Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 1.624,00 euros. (...)

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 146/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 25 de abril 2023, de carácter favorable (CVD: peQef42V6WdThC5axqPI).

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 1.624,00 euros, constituída por don José Luis Torrado Rodríguez, en metálico, no expediente número 2023/C004/00001, para o “Producción do Evento Entroido Pequeno Cambre 2023”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: rsg/fSF5WTmMl9NbqHxg), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 2.551,53 EUROS, CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE ANIMACIÓN E EVENTOS, S.L., CON CIF B15902448 NO EXPEDIENTE NÚMERO 2021/C005/000018, PARA O “SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DA CABALGATA INFANTIL DE REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2022, PRORROGABLE AO 2023”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: CWIC9rPyub09wAXkkW1E), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato de “Servizo de desenvolvemento da Cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023” foi adxudicado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30.12.2021, á empresa ANIMACIÓN E EVENTOS, S.L., no prezo ofertado de 61.640,80 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 05.01.2022. (Expediente 2021/C005/000018).

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.L. de data 23 de decembro de 2021 por importe de 2.551,53 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0182001030222), depositado na Tesourería municipal con data 28.12.2021 (núm. de rexistro 1047).

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, José Luis Martínez Názara, con data do 24 de abril de 2023, (CVD: XOFE4LqTju3td3II8Rtl) no que sinala que:

“(…)Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 2.551,53 euros. (…)”

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 145/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 25 de abril 2023, de carácter favorable (CVD: Pfedlr0mVRXd5nL3gleE).

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 2.551,53 euros, constituída pola entidade Animación e Eventos, S.L., con CIF B15902448 no expediente número 2021/C005/000018, para o “Servizo de desenvolvemento da Cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: CWIC9rPyub09wAXkkW1E), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE PRESENTADO POLA EMPRESA "GROMA OBRAS, S.L." PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA "REFORMA DA PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE BREXO LEMA". EXPEDIENTE: 2022/C003/000014

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: xuYX/ko7iQZr/gMNW01K), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000014 para a contratación da obra "Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo Lema".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa "Groma Obras, S.L."

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o informe emitido polo coordinador de seguridade, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, con entrada neste concello en data 25 de abril de 2023 e rexistro de entrada 202199900002586, respecto ao Plan de Seguridade e Saúde realizado pola empresa adjudicataria das obras Groma Obras, S.L. para a obra de referencia.

Visto o informe favorable emitido con data 26 de abril 2023 (CVD: /CRR3Wd57u2juz03sdbJ) pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, no que entre outras cousas se sinala:

(...)Visto el informe favorable emitido por el Coordinador de Seguridad y Salud para la aprobación del Plan de Seguridad y Salud aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (registro de entrada 202199900002586 de fecha 25/04/2023), y en función del art. 7.2 del "Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción", EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, se propone:

- Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Groma Obras, S.L.” para a execución da obra denominada “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo Lema”. Expediente: 2022/C003/000014

Segundo: Notificar este acordo á empresa adxudicataria, á empresa coordinadora de seguridade e saúde e ao responsable do contrato para a súa constancia e para os efectos oportunos.

D conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: xuYX/ko7iQZr/gMnW01K), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.4. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE PRESENTADO POLA EMPRESA “GROMA OBRAS, S.L.” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN DE DESMONTE Y MURO PERIMETRAL EN BREXO (POUSADOIRA) - CAMBRE”. EXPEDIENTE: 2022/C003/000015

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: 0GM39UQxowPDVUv8WKRb), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000015 para a contratación da obra “Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa “Groma Obras, S.L.”

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o informe emitido polo coordinador de seguridade, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, con entrada neste concello en data 25 de abril de 2023 e rexistro de entrada 202199900002587, respecto ao Plan de Seguridade e Saúde realizado pola empresa adjudicataria das obras Groma Obras, S.L. para a obra de referencia.

Visto o informe favorable emitido con data 26 de abril 2023 (CVD: y76SmpqHBbWzkmSR3fhi) pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, no que entre outras cousas se sinala:

(...)Visto el informe favorable emitido por el Coordinador de Seguridad y Salud para la aprobación del Plan de Seguridad y Salud aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (registro de entrada 202199900002587 de fecha 25/04/2023), y en función del art. 7.2 del “Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción”, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, se propone:

- *Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de seguridade e saude presentado pola empresa “Groma Obras, S.L.” para a execución da obra denominada “Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre”. Expediente: 2022/C003/000015.

Segundo: Notificar este acordo á empresa adjudicataria, á empresa coordinadora de seguridade e saude e áo responsable do contrato para a súa constancia e para os efectos oportunos.

D conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2023 (CVD: 0GM39UQxowPDVuV8WKRb), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 21 de abril ao 26 de abril de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 702/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 747/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
702/2023	21-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local 25 abril 2023
703/2023	20-04-2023	Acordar a colocación de 8.000.000 euros no Banco Sabadell, a un 3,30% nominal de xuro, por un período de 1 ano, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil se tomará como data de vencemento o seguinte día hábil
704/2023	20-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
705/2023	21-04-2023	Aprobar a relación de 7 altas e 2 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de abril
706/2023	21-04-2023	Asignar o número 54-C, á vivenda situada en Meixigo, Cambre, CP 15660, Cambre (A Coruña)
707/2023	21-04-2023	Asignar os números 33 e 34, ás vivendas situadas no lugar de Roncesvales, Brexo, Cambre, CP 15659, Cambre (A Coruña)
708/2023	21-04-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 2/2023 por importe de 52.000,00 euros
709/2023	21-04-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a HMF, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se ordenou a restitución ao seu estado anterior das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (ventá) na fachada traseira da edificación sita en Pena, Sigrás
710/2023	21-04-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a LTR, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se ordenou a reposición das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (porta) na fachada traseira da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		edificación sita en Pena, Sigrás
711/2023	21-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro correspondentes a febreiro e marzo de 2023 por importe total de 700 euros. Solicitante: VSS
712/2023	21-04-2023	Arquivar o expediente número 2022/1002/000055 incoado aos herdeiros de PCM e a BPC pola instalación dunha caseta prefabricada na parcela sita en Drozo (Cambre), posto que tal como queda acreditado foi retirada, dando así cumprimento ao ordenado por resolución do concelleiro de urbanismo e obras de data día 30 de setembro de 2021
713/2023	21-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo do primeiro trimestre do ano 2023 de auga por importe de 45,67 euros. Solicitante: ADCM
714/2023	21-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro do mes de xaneiro de 2023 por importe de 300 euros. Solicitante: AEPN
715/2023	21-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MMHS
716/2023	24-04-2023	Convocar proceso para a selección dun enxeñeiro técnico de Obras Públicas interino para a substitución transitoria do seu titular, de conformidade co artigo 10-1b) do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015 e para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de Obras Públicas interinos. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
717/2023	21-04-2023	Convocar proceso para a selección dun enxeñeiro técnico industrial interino para a substitución transitoria de quen ocupa o posto, de conformidade co artigo 10-1b) do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015 e para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
718/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o primeiro acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
719/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o primeiro acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
720/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o segundo acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
721/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o terceiro acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro

		en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
722/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o segundo acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
723/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o terceiro acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
724/2023	24-04-2023	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso a través da rúa Nobel á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: VDS, SLU
725/2023	24-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela, rúa Monier, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en cinco módulos, sen título habilitante, xa que as obras citadas levan máis de 6 anos rematadas e dispostas para o fin para o que foron construídas
726/2023	24-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000057, incoado a CDV e MNJ pola construción dun novo volume na fachada da fronte da vivenda, sita en Castrobo, Anceis, xa que como queda acreditado no expediente as obras denunciadas quedan legalizadas coa comunicación previa 2022/U026/13
727/2023	24-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/0000088 incoado a DBG pola realización de obras na finca sita en Folgueira, Santa Maria de Vigo, consistentes na construción dun portal de dúas follas, un peche e cinco construcións (tres alpendres e dúas casetas), sen o preceptivo título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente as obras obxecto de denuncia quedan legalizadas mediante a presentación do expediente 2022/U026/000141
728/2023	24-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000076 incoado á A de V de Peirairo pola execucion de obras no interior da parcela sita en Peirairo, (Bribes) consistentes na sinalización con cinta de balizamento de varias zonas da parcela, movementos de terras e acopio de armadura metálica (base de cimentación), sen título habilitante, xa que tal como queda acreditado no expediente executouse a restitución das sobreditas obras ao seu estado orixinal
729/2023	24-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 29.818,31 euros
730/2023	24-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recido de alugueiro do mes de febreiro de 2023 por importe de 360 euros. Solicitante: TPAS
731/2023	24-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibos de auga e de gas por importe de 46,86 euros e 164,89 euros respectivamente. Solicitante: MEG
732/2023	24-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación porque se



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: ES
733/2023	24-04-2023	Aprobar o reintegro dos fondos non xustificadas da subvención concedida para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) no ano 2018, a prol da Xunta de Galicia por importe de 6.072,91 euros imputándose á aplicación "Transferencias corrient. empleo y des. Local convenios suscr. con la CA". e realizar o seu pagamento
734/2023	24-04-2023	Aprobar a liquidación da nómina de produtividade do primeiro trimestre de 2023 cun importe bruto 58.855,42 €
735/2023	24-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de abril de 2023
736/2023	25-04-2023	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o día 26 de abril de 2023
737/2023	25-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe de 123.602,81 euros
738/2023	25-04-2023	Iniciar expediente para a declaración de ruína da edificación sita en Lendoiro, parroquia de Cecebre, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
739/2023	25-04-2023	Iniciar expediente para a declaración de ruína da edificación sita en Sigrás de Abaixo, parroquia de Sigrás, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
740/2023	25-04-2023	Convocatoria da Comisión de seguemento e avaliación do Plan estratéxico de subvencións .- Proposta de aprobación de informe anual do PES 2020-2023 do concello de Cambre. Anualidade 2022
741/2023	26-04-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000027 cuxo obxecto do contrato é a subministración de papeletas de votación para as eleccións municipais de maio de 2023, por importe de 3.500 euros. Adxudicar o contrato menor correspondente á subministración de papeletas de votación para as eleccións municipais, á empresa Gráficas Mera S.L., con NIF.- B15237308, domicilio en Grambrinus, 91, 151, 150008 A Coruña, no prezo ofertado por unidade de papeleta electoral de 0,0070 € (sen IVE), 0,00847 € (IVE incluído)
742/2023	26-04-2023	Autorizar a dona MdelCFG, en representación da Asociación de Veciños do Temple para colocar unha "carpa pregable os días 17, 19 e 21 de abril entre o Club da Chave e a Casa das Palmeiras entre a 17 ás 21 horas, e os días 18 e 20 de abril de 10 a 14 hs. diante das instalacións do Concello", para a recollida de firmas solicitando a construción dunha rotonda no Polígono O Temple, na saída da AP9
743/2023	26-04-2023	Conceder a licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Longueiral, parroquia de Sta. M ^a de Vigo, en solo cualificado como Non Urbanizable Interior a Núcleo Rural. Solicitante: LLA
744/2023	26-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CI, SL para que proceda á formigonar ou asfaltar unha banda de 5m de longo no camiño privado ata o camiño municipal número C.1.0105, en Espiritu Santo-Cecebre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
745/2023	26-04-2023	Desestimar as alegacións presentadas por EFC toda vez que as presuntas molestias derivadas da presenza duns cabalos na finca colindante son un asunto civil, que deberá ser resolto voluntariamente entre as partes ou perante a xurisdicción ordinaria, sen que sexa aplicables ao presente caso as distancias reguladas no artigo 62 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro
746/2023	26-04-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 2 de maio de 2023, ás 13:00 horas
747/2023	26-04-2023	Aprobar a nómina do mes de abril de 2023 cun importe total de retribucións brutas mes 424.386,01 euros

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo